

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 21 de setembro de 2017, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

“PUNTO TERCEIRO.- ADXUDICACIÓN DO SERVIZO PARA A XESTIÓN E IMPARTICIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS NA AULA CEMIT DE REFERENCIA DO CONCELLO DE AMES.-

A Xunta de Goberno Local en sesión de 31 de agosto de 2017 realizou a clasificación de ofertas e requirimento de presentación de documentación para adxudicación do "Servizo para a Xestión e Impartición de Actividades Formativas na Aula CeMIT de referencia do Concello de Ames".

O acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar.

Unha vez presentada a documentación requirida, segundo o establecido no artigo 151 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público polo licitador clasificado en primeiro lugar, resulta procedente adxudicar o contrato do "Servizo para a Xestión e Impartición de Actividades Formativas na Aula CeMIT de referencia do Concello de Ames".

En base ao anterior, e ao conxunto de antecedentes que figuran no expediente, e vista a fiscalización de conformidade da Intervención Municipal de data 18 de setembro de 2017, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar o Servizo para a Xestión e Impartición de Actividades Formativas na Aula CeMIT de Referencia do Concello de Ames á empresa OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS SL , CIF B-70493275 coas seguintes características:

EMPRESA	Prezo/hora (Exento IVE)	Nº horas cursos ofertados sen coste
OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L.	10,80 €	100 horas

De conformidade co establecido no artigo 20.1.9 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido o presente contrato está exento de IVE.

Anualidade	ORZAMENTO	TOTAL
2017	2.786,40 €	2.786,40 €
2018	11.923,20 €	11.923,20 €
2019	11.923,20 €	11.923,20 €
TOTAL	26.632,80 €	26.632,80 €

Respectaranse os prezos e demais condicións presentadas pola empresa adxudicataria, así como o resto das características e condicións establecidas no prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Prescricións Técnicas.

Segundo.- Duración do contrato

Ainda que a duración inicial do contrato se establecía dende o 1 de setembro de 2017 rematando o 31 de decembro de 2019 sen posibilidade de prórroga, debido aos diversos trámites e prazos derivados da tramitación do expediente non resulta posible iniciar o contrato na data prevista, polo que o seu inicio será dende o día 1 de outubro de 2017 rematando a todos os efectos o 31 de decembro de 2019, sempre por acordo das partes.

Este retraso no inicio da prestación do servizo reducirá proporcionalmente o importe do contrato.

Este contrato está suxeito e condicionado á renovación anual do convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Axencia para

a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios, e a aprobación anual da concesión da subvención para o desenvolvemento das actividades das Aulas CeMIT.

Terceiro.- Resto de condicións

O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e no Prego de Prescricións Técnicas polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Cuarto.- Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.”

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a vinte e un de setembro de 2017, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe

O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria